

ANEXO III Referencia convocatoria: 2026/CP/085

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Referencia axuda: 0360_BIO_TRANSFER_GNP_1_E Título: BIO_TRANSFER_GNP: Red de Transferencia BioCircular para la Valorización de los Recursos Endógenos Liña de investigación / Servizos científico-técnicos: Análise xurídica e documental sobre requisitos de circularidade dos materiais		
PERÍODO AXUDA: INICIO: 13/5/2026 FIN: 31/12/2027		
CENTRO Inv. Principal: Facultade de Dereito		
OBXECTO DO CONTRATO: O obxecto da contratación é incorporar ao proxecto unha persoa colaboradora nas tarefas de apoio á investigación vinculadas á elaboración dunha guía sobre requisitos legais de circularidade dos materiais. A xornada é a tempo parcial (30,5 horas semanais). A finalidade desta contratación é reforzar a capacidade de desenvolvemento dos obxectivos científicos do proxecto e apoiar as actividades de análise e sistematización da información xurídica e técnica relevante para a elaboración da devandita guía. Proponse a contratación dunha persoa a tempo parcial co fin de colaborar nas labores de busca, recompilación e tratamento de información normativa e documental relacionada cos requisitos legais de circularidade dos materiais no marco das políticas de economía circular. Entre as tarefas a desenvolver inclúense, en particular, a recompilación e análise de documentación legislativa e técnica relevante, a realización de entrevistas e interaccións cos clústeres e entidades participantes no proxecto co obxectivo de identificar problemáticas prácticas e necesidades de información que resulten de interese para a guía, así como o tratamento e análise da información obtida. A persoa contratada deberá elaborar informes de síntese sobre a información recompilada e analizada, que servirán de base para a redacción da guía e para o desenvolvemento dos traballos de investigación asociados ao proxecto, así como para a posible difusión de resultados e organización de actividades científicas relacionadas co mesmo. Colaborador/a nas tarefas do (proxecto/convenio) de investigación que se indica.		
LUGAR E HORARIO: Facultade de Dereito, 9 a 15:30, luns, e 9 a 15:00 horas, martes a venres		
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: 1		
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 18 XULLO DE 2025 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO PARA TAREFAS DE INVESTIGACIÓN (PCTI) Investigador/a contratado/a doutor/a <input type="checkbox"/> Axudante de apoio á investigación <input type="checkbox"/> Xestor/a de investigación <input type="checkbox"/> MECES Elegir Técnico/a administrativo/a e de xestión <input type="checkbox"/> Colaborador/a de investigación <input type="checkbox"/> MECES 2 Axudante administrativo/a <input type="checkbox"/> Técnico/a de apoio á investigación <input checked="" type="checkbox"/> MECES 2		
XORNADA	Tempo Completo: <input type="checkbox"/>	Tempo Parcial: <input checked="" type="checkbox"/> DATA APROX. INICIO CONTRATO: 13/05/2026
TIPO DE CONTRATO:	Indefinido <input type="checkbox"/>	Duración determinada <input checked="" type="checkbox"/> DATA FIN CONTRATO: 31/12/2026
RETRIBUCIÓN BRUTAS: 1767,50 euros mensuales *		
PARTIDA ORZAMENTARIA: 05.99.26.00.30.541A.649.02		

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensalidade a parte proporcional da paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

*Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

TITULACIÓN: Grado o Licenciatura en Derecho

REQUISITOS: Os requisitos descritos na MEMORIA anexa deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Sede electrónica da UDC.

Dirixidas á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, coa **Referencia da convocatoria**.

PRAZO: 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

COMISIÓN DE SELECCIÓN (mínimo tres titulares e tres suplentes): Titulares: Jose Pernas García (Catedrático de Derecho Administrativo, UDC) Javier Sanz Larruga (Catedrático Derecho Administrativo UDC), Itziar Sobrino García (Investigadora posdoctoral Xunta de Galicia, UDC)

Suplentes: Carlos Amoedo Souto (Catedrático de Escuela Unviersitaria de Derecho Administrativo, UDC), Marta García Pérez (Catedrática de Derecho Administrativo de la UDC), Carlos Aymerich Cano (Profesor Titular de Derecho Administrativo, UDC).

LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

En cumprimento do art. 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPD), e do art. 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais (LOPD), infórmase de que os datos persoais facilitados serán tratados pola Universidade da Coruña.

A finalidade do tratamento destes datos é a xestión do expediente do gasto indicado no presente documento. A base de lexitimación do tratamento sitúase no art. 6.1.b) e c) RXPD (execución dun contrato e obriga legal). Todas as persoas que entren en contacto cos datos cumpriran o deber de confidencialidade establecido no art. 5 LOPD. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible existencia de responsabilidades legais.

Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación de tratamento pode consultarse www.udc.gal/gl/goberno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos.

A Coruña 7 de abril 2024

O/A INVESTIGADOR/A PRINCIPAL

Asdo.: Juan José Pernas García

PERNAS GARCIA
JUAN JOSE -
33301996C

Firmado digitalmente
por PERNAS GARCIA
JUAN JOSE - 33301996C
Fecha: 2026.04.24
11:24:53 +02'00'

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

A) REQUISITOS DE LOS CANDIDATOS/AS:

As persoas candidatas deberán estar en posesión dun título de Grao ou Licenciatura en Dereito no momento da finalización do prazo de presentación de solicitudes. As persoas candidatas deberán presentar copia do título académico correspondente ou certificación académica oficial na que conste a data de obtención do título.

B) Méritos valorables e criterios de selección (máximo 100 puntos)

A Comisión de Selección valorará os méritos acreditados polas persoas candidatas conforme aos seguintes criterios:

1. Expediente académico do Grao en Dereito (máximo 40 puntos)

Valorarase a nota media do expediente académico do título de grao ou licenciatura.

2. Formación complementaria relacionada co obxecto do contrato (a puntuación total deste apartado non poderá superar os 20 puntos)

Valorarase especialmente:

- Estar en posesión dun Máster oficial en Dereito, preferentemente en ámbitos relacionados co Dereito administrativo. Valorarase o expediente cun máximo de 15 puntos. Se se trata doutra rama do dereito público valorarase con un máximo de 7 puntos.

- Cursos, seminarios ou formación especializada relacionadas coa materia co Dereito administrativo (máximo 5 puntos). Obterase 0,5 puntos por seminario relacionado coa materia de Dereito administrativo que teña un mínimo de 10 horas.

Cursos, seminarios ou formación especializada relacionadas con materias de Dereito público, alleas ao Dereito administrativo (máximo 2,5 puntos). Obterase 0,25 puntos por seminario relacionado coa materia de Dereito público que teña un mínimo de 10 horas.

3. Experiencia ou coñecementos relacionados coas tarefas do proxecto (a puntuación total deste apartado non poderá superar os 20 puntos)

Valorarase a experiencia ou coñecementos acreditados en:

- contratos de investigación ou de apoio a investigación en tarefas vinculadas co dereito administrativo (7 puntos por contrato anual). No caso de estar vinculadas a outras ramas do dereito público valorarase con 3,5 puntos por contrato anual.

- presentación de comunicacións en congresos científicos no ámbito do dereito administrativo (máximo 2,5 puntos). Obterase 0,5 puntos por comunicación relacionado coa materia de Dereito administrativo.

Prácticas en empresas. Valorarase con 0,5 puntos por mes de prácticas en empresas relacionadas co ámbito do Dereito (máximo 2,5 puntos)

4. Entrevista persoal (máximo 20 puntos)

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

As tres persoas candidatas que obteñan a máxima puntuación serán entrevistadas pola Comisión aos efectos de valorar as súas propostas metodolóxicas de colaboración co proxecto, á capacidade de expresión, o seu modo de desenvolverse, a aportación das súas liñas de investigación aos obxectivos do proxecto, e os termos da súa proposta de colaboración e as implicacións para o cumprimento dos obxectivos do proxecto.

O CVA da persoa candidata, que se presentará no modelo normalizado dispoñible na web da Agencia Estatal de Investigación, o no que se xera de forma automática desde a aplicación «Curriculum vitae» normalizado dispoñible na páxina web da Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología (FECYT), utilizando a opción de xeración de currículum abreviado.

O CVA presentárase en galego ou en español e terá unha extensión máxima de 4 páxinas.

Recoméndase cumprimentar o CVA en letra Times New Roman, Calibri ou Arial dun tamaño mínimo de 11 puntos; márxenes laterais de 2,5 cm; márxenes superior e inferior de 1,5 cm; e espaciado mínimo sinxelo. O CV non terá unha extensión superior a 4 páxinas.

A cualificación mínima para poder ser beneficiario do contrato é de 35 puntos, sen computar os puntos da entrevista. Crearase unha lista de espera cos solicitantes que alcanzaran esa puntuación. No caso de que non exista ningún candidato cunha puntuación mínima de 20 puntos declararase deserto o posto.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*